



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
28.12.2023

LUGAR: Sala de xuntas da Escola de Enxeñaría Forestal, campus de Pontevedra
DATA: 28.12.2023
HORA DE COMEZO: 12:15
HORA DE REMATE: 13:50

LISTA DE ASISTENTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Alonso, David
Martíño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Novoa Rodríguez, María Sol
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA

Caparrini Marín, Natalia
Ojea Bouzo, Armando
Santamaría Conde, Juan José

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 28 de decembro de 2023, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (13.11.2023).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe que proceda para a tramitación da modificación do título de Máster Universitario en Biofabricación (Consello de Goberno do 26 de decembro de 2023).

Propostas, acordos e informes da Comisión Económica (reunión do 21 de decembro de 2023)

5. Informe favorable para ratificación, se procede, sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2024.
6. Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio 2024.
7. Orzamento do Consello Social para o exercicio de 2024.
8. Informe favorable, para ratificación, se procede, sobre a Oferta de Emprego Público para PDI da UVigo para o ano 2023.
9. Informe favorable, para ratificación, se procede, sobre a Oferta de Emprego Público para PTXAS da UVigo para o ano 2023.
10. Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da UVigo, concretamente sobre os elementos do inmovilizado material".
11. Aprobación, se procede, da modificación do capital social de Cidade Universitaria (CUSA) para restablecer o equilibrio patrimonial da sociedade.
12. Aprobación, se procede, da modificación dos prezos públicos por servizos deportivos da UVigo en 2024.
13. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en setembro, outubro e novembro de 2023.
14. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a elevada asistencia dos membros, dá a benvida aos presentes e agradece á vicerreitora do campus a colaboración para organizar este pleno en Pontevedra.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (13.11.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa principia a lectura do informe explicando que os datos da última matrícula da UVigo serán presentados no próximo Pleno, xunto coa análise da evolución nos últimos anos e a proxección da tendencia. Adianta que a taxa de ocupación é do 101%, con fitos como o rexistrado no campus de Ourense que acada o mellor dato de matrícula en 16 anos.

Respecto á cualificación da UVigo coma unha das tres primeiras universidades de España en Transparencia, o presidente apunta ao escenario que se abre para os consellos sociais en 2024 porque afrontan o enorme reto de velar polo cumprimento, a ética e a integridade universitaria, o que "nos



obriga a reforzar as labores que deberemos asumir de supervisión e rendición de contas”, tal e como recolle a LOSU. Neste punto advirte de que os consellos sociais deberán dispor dunha organización de apoio e recursos suficientes para desenvolver estas función coa eficacia requirida. Esta circunstancia determinará un novo escenario de execución orzamentaria, que se concretará tan pronto se desenvolva a LOSU con normativas autonómicas e os mesmos estatutos universitarios. “Teñen os consellos sociais tarefa abundante e responsable por diante”, subliña.

No tocante ao orzamento da UVigo salienta que veñen acompañados por senllos informes de razón de xénero e de impacto ambiental, (dos que dispoñen os membros). Nunha valoración global das contas recoñece e valora “o profundo e rigoroso” traballo feito pola Comisión Económica que preside Juan Manuel Vieites, así como o pormenorizado análise feito, os reparos e as explicacións e aclaracións reclamadas, e as modificacións e cautelas introducidas. Subliña que para o Consello Social foron os orzamentos máis difíciles de asumir en primeira instancia, polo que agradece o “duro e frutífero” traballo feito pola comisión e pola xerencia “para que a proposta chegue a este pleno informada favorablemente”. O presidente remata este apartado con parabéns a todos os membros da comisión, polo compromiso ao entendemento acadado, “ademais contrarreloxo”.

Refire, por último, que entre a documentación remitida para este pleno figuran as conclusión do “Estudo sobre acompañamento a estudantes estranxeiros na UVigo”, promovido dende o Consello Social; e o cadro de axudas concedidas ao longo de 2023, desagregado e con especial atención ás iniciativas dirixidas a estudantes.

Finalmente dá a benvida a David Martínez, que se incorpora como membro do Consello Social en representación da CEO.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Dá conta Manuel Reigosa de distintos feitos relevantes para a UVigo, dos que ofrece explicacións, consecuencias e outras consideración aclaratorias, entre eles o acordo do Colexio Oficial de Psicoloxía para que o Gabinete psicopedagóxico siga prestando servizo; o novo convenio de dixitalización e de infraestruturas; a botadura do barco híbrido UVigo-CIM, que cualifica como especialmente transcendente; a acreditación do Campus Auga para os próximos tres anos, con compromiso económico, e con especial agradecemento á CEO polo apoio; as xestións e encontros coa Alcaldía de Vigo (para a cesión de espazos), Deputación de Pontevedra (Enfermaría e novo convenio), e Consellería do Mar, para avanzar en distintas negociacións; e diversos recoñecementos, premios e homenaxes a persoal da UVigo. Remata informando de xeito pormenorizado e didáctico das estruturas de investigación integradas na UVigo: grupos, institutos e centros.

O reitor agradece tamén, a través de Jesús Graña, o traballo e implicación na Comisión que elabora os novos estatutos da UVigo, que tamén incumben ao Consello Social, á espera que se desenvolva a nova lei autonómica de universidades ao abeiro da LOSU.

En resposta a Elena Añel sobre os criterios para non recoñecer ao PDI a antigüidade a efectos de trienio polo tempo traballado en outras universidade de fóra de España ou institucións públicas europeas, para poder acceder ao cobro deste complemento, Manuel Reigosa informa que se recoñecen mediante pedimento das persoas implicadas, consonte acordo dunha mesa de negociación que permanece aberta. Aclara que os que están dentro da lei recoñécense, sendo máis limitados os que se encadran no acordo entre sindicatos e Goberno.

PUNTO 4

Informe que proceda para a tramitación da modificación do título de Máster Universitario en Biofabricación (Consello de Goberno do 26 de decembro de 2023).

Vista a documentación remitida, e explicadas as razóns que motivan a proposta de modificación do centro de impartición responsable, que pasa da Facultade de Bioloxía ao Centro de Posgrao e Formación Permanente,

- ***O Pleno informa favorablemente.***



PUNTO 5

Informe favorable para ratificación, se procede, sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2024.

Intervén o presidente da Comisión Económica para explicar o intenso proceso de negociación e debate que -respecto do teito de gasto e do orzamento- se mantivo antes da reunión da propia comisión, para identificar as grandes diferencias de criterio respecto a algunhas cuestións recollidas no documento orzamentario inicial presentado pola UVigo, e para solicitar aclaracións, argumentos e explicacións que puidesen clarificar os principais desacordos. Manifesta Juan Manuel Vieites que esta anticipación propiciou un debate na comisión máis fundamentado e focalizado nos asuntos que concitaban os maiores reparos, con abundantes datos complementarios remitidos dende a Xerencia.

Engade que a negociación das diferencias desenvolveuse dende a predisposición a ser "amigables e rigorosos", pensando sempre no equilibrio orzamentario. Subliña que se debateu, se modificou e se consensuou de forma continua, nun marco temporal moi escaso polo que o documento que se somete ao pleno é novo e substitúe ao que se remitiu coa convocatoria. O teito de gasto elevase finalmente a 180.275.677,30 €.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio 2024.

Juan Manuel Vieites describe os principais reparos detectados na comisión que preside e que, de xeito resumido, refírense principalmente a unha elevada cifra de remanente de tesouraría de libre disposición para financiar o orzamento de gastos non afectado, e unha previsión de gastos de persoal superior ao autorizado pola Xunta de Galicia nos seus orzamentos para 2024.

Tamén se obxectaron de principio e requiríuse máis información sobre o notable incremento da partida de gastos en xurídico contencioso, que pasan de 60 mil euros a dous millóns; a baixa estimación por matrícula (pasa de 14,1M€ a 12,5M€); e a previsión de cumprimento (artigo 57.7 da LOSU) de dedicar un mínimo do 5% do orzamento a programas propios de investigación.

Así mesmo informa que no tocante ás normas de execución do orzamento, rexeitase incrementar de 10.000 a 100.000 euros o mínimo para que o Consello Social autorice a transferencia de gastos de capital a gastos correntes (artigo 11.4); solicítase que no próximo exercicio se elimine a autorización ao reitor para concertar operacións de empréstito (disposición adicional segunda); e cuestionase o incremento dende os 400 € actuais ata os 600 € o custe unitario dos bens non funxibles para ser inventariables. Tamén se solicita a eliminación do artigo 16, que faculta á Comisión de Planificación, delegada do Consello de Goberno, a autorizar achegas a fundacións, por entender que é competencia do Consello Social.

Dá conta das documentadas e precisas alegacións remitidas nun informe pola xerencia sobre as cuestións principais, do que se remitiu copia para o Pleno, e informa da aceptación das consideracións e obxeccións referidas as normas de execución nos termos nos que se pronunciou a comisión. Aclara o presidente que a Comisión Económica tramitará coa maior axilidade posible todas as necesidades que se remitan dende o goberno da UVigo, en atención a que algunhas das modificacións propostas dende a xerencia e rexeitadas pola comisión, fundamentábanse nunha pretendida maior operatividade.

Neste punto solicita a aprobación do orzamento, informado favorablemente pola comisión logo dun fondo debate, advertindo do risco que representa utilizar un remanente libre superior aos 18M€ sen explicar o seu uso para actuacións concretas, dado que podería implicar unha liquidación negativa do exercicio, "e no caso de que eses recursos para financiar o orzamento de gastos fosen unha necesidade estrutural que se repetise en sucesivos exercicios, podería levar a un déficit estrutural das contas da UVigo". Remata manifestando que a comisión estará vixiante sobre este asunto.

A xerente agradece o rigor e o traballo de comisión, e a contribución do Consello Social a aclarar e despejar as dúbidas. Carlos Mollinedo anuncia que votará en contra, como representante do PAS, por entender que o orzamento non aporta melloras ao colectivo que representa, e pregunta sobre a previsión para gastos xudiciais. Di Yolanda Lesmes que os orzamentos non poden dar as costas a unha realidade como é que as sentencias hai que dotalas para afrontar as consignacións que correspondan. Lembra que



as sentencias veñen de situación producidas hai 20 anos, nalgúns casos, por feitos que ocorreron baixo unha normativa que mudou e que non contou cun réxime transitorio de solución. Subliña o reitor que o feito de que a universidade estea a recibir sentenzas desfavorables non debe entenderse como que fixera algo mal en etapas anteriores, porque entón era legal.

- ***Apróbase o orzamento.***

PUNTO 7

Orzamento do Consello Social para o exercicio de 2024.

A documentación deste punto, e a maiores do cadro orzamentario e as explicacións correspondentes, complétase cos anexos II e III do Informe de Transparencia 2023 da Fundación Haz, no que se recollen dous novos e importantes cometidos para os consellos sociais: abordar procesos de avaliación e afrontar o reto do *Compliance*, que mudarán e terán incidencia na execución do orzamento de xeito aínda incerto.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTOS 8 e 9

Informe favorable, para ratificación, se procede, sobre a Oferta de Emprego Público para PDI da UVigo para o ano 2023.

Informe favorable, para ratificación, se procede, sobre a Oferta de Emprego Público para PTXAS da UVigo para o ano 2023.

Juan M. Vieites dá conta das explicacións aportadas na comisión polos representantes do equipo de goberno, e define as grandes liñas da oferta pública de emprego que se presenta: 160 prazas de persoal docente e investigador e 14 para o persoal de administración e servizos; un prazo de execución de tres anos, cun cálculo estimado de 3,4ME.

- ***Infórmanse favorablemente.***

PUNTO 10

Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da UVigo, concretamente sobre os elementos do inmovilizado material".

O presidente da Comisión Económica salienta a necesidade de resolver esta cuestión, por aparecer reiteradamente entre as "salvedades" recollidas polos auditores das contas da UVigo, razón pola que se propuxo realizar esta auditoría operativa. Explica que este asunto é frecuente nos debates da comisión que preside, acordando en varias ocasións dirixirse á xerencia para preguntar sobre a situación e as medidas que se están a tomar. Afirma ter constancia das xestións que realiza a xerencia e as previsións que ten, e pide que se aplique unha solución "canto antes".

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da modificación do capital social de Cidade Universitaria (CUSA) para restablecer o equilibrio patrimonial da sociedade.

Lembra o reitor a orixe, perspectivas e obxectivos cos que naceu Cidade Universitaria. Repasa os fitos principais e as principais operacións realizadas dende 1999 -ano en que se constituíu- ata agora, en que a Xunta xeral de accionistas propón unha redución de capital por importe de 3.460.819,20 € mediante a redución do valor nominal das accións, coa finalidade de restablecer o equilibrio entre o capital e o patrimonio neto da sociedade (que se atopa por baixo de 2/3 do capital social), tal e como xa se recollía no Informe de auditoría de contas do exercicio 2022. Oídas as explicacións -polas que o reitor salienta que é o lóxico en vez de disolver a sociedade- e visto o informe formulado polo órgano de administración de CUSA e a restante documentación que se acompaña, Manuel Reigosa agradece ao



presidente do Consello Social que se manteña en CUSA "xa que é unha ferramenta que hai que usar". Juan Manuel Vieites apunta que o tema elévase ao Pleno co informe favorable da comisión que preside.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 12

Aprobación, se procede, da modificación dos prezos públicos por servizos deportivos da UVigo en 2024.

Resume Juan Manuel Vieites que a única variación respecto dos prezos do pasado curso refírese á supresión das carreiras populares, polo que se elimina o prezo. De seguido remite ao debate aberto na Comisión Económica sobre a rendibilidade da oferta de Deportes, e a coincidencia en que ten un custe moi baixo, o que debería levar a reflexionar sobre se debe prevalecer o criterio de rendibilidade ou de servizo á comunidade. Propón que se busque un equilibrio.

- ***Apróbase a modificación.***

PUNTO 13

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en setembro, outubro e novembro de 2023.

Juan Manuel Vieites subliña que a Comisión Económica reclamou que, dende 2024, todos os convenios de contido económico se acompañen dos informes de Asesoría Xurídica e de Intervención, ou dunha certificación de Secretaría Xeral acreditando que o teñen. Resposta o reitor que todos pasan xa por eses servizos, e a secretaria xeral engade que así se fará.

Xosé Manuel Atanes cuestiona a firma de convenios con ENCE, afirmando o presidente da Comisión Económica que os ve positivos, porque se debe valorar o retorno social e a compensación que reporta a pasteira para a actividade económica.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 14

Rogos e preguntas.

Juan Manuel Vieites informa de que na pasada Comisión Económica solicitouse que o goberno da UVigo elimine o remanente específico de FEUGA á maior brevidade, poñendo como límite o actual mandato.

Elena Añel pide que nos documentos que se achegan aos membros, cóidese o uso da lingua galega e protéxase como exemplo de boas prácticas, en alusión ao informe que se achega no punto 8.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 horas do 28 de decembro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)